



## PETICIÓN DO DEPARTAMENTO DA FAMILIA PROFESIONAL DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

Á atención da inspección educativa.

Lugo, 14 de xuño de 2023.

### **O noso departamento expón que:**

Na proposta final de oferta de FP do curso 2023-2024 remitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional para o noso centro, suprímese o Ciclo de Grao Superior de Administración e Finanzas polo réxime de persoas adultas na modalidade presencial.

### **En relación co anterior o noso departamento desexa manifestar o seguinte:**

Durante o presente curso temos un grupo significativo de alumnado cursando os módulos de primeiro curso de dito Ciclo e na mencionade modalidade presencial, en horario de 17:40 a 22:45 horas. O estar traballando, este alumnado escolleu cursar os módulos no réxime de persoas adultas, pero de xeito presencial, porque consideran que esta é a modalidade que mellor se adapta as súas necesidades e intereses. Ata o de agora o grupo presenta moi bos resultados académicos.

### **Polo anteriormente exposto, o noso departamento solicita:**

Que no próximo curso académico se poida manter no noso centro a oferta dos módulos de segundo curso de xeito presencial, para así dar continuidade na formación dese alumnado e poidan rematar os seus estudos na mesma modalidade.

Atentamente,

O Xefe de Departamento da Familia Profesional de Administración e Xestión

Eusebio Antonio Fraga Castro